

ESTRATEGIAS PARA A TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL DO GALEGO NO CONTEXTO FAMILIAR

Anik Nandi

Heriot-Watt University, Reino Unido/
Instituto da Lingua Galega



FAMILIA E TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL: A PERSPECTIVA DE GOBERNO

«**O noso papel é incentivar o uso do galego e penso que desde a administración galega xa o estamos facendo...** Nunca antes o aprenderan tanto [galego] na escola como ata agora pero, logo, lamentablemente, aínda que o coñezan, non o falan... Temos que facer partícipes **ás familias de que transmitan este idioma aos seus fillos...**»

- Alberto Núñez Feijóo, O presidente de Xunta de Galicia
Galicia Confidencial, 11 de decembro de 2014

«**O problema non é de índole escolar**, o problema é que unha vez que se sae da escola, nos **ámbitos máis inmediatos de xogo ou familiares non se emprega o galego**».

- Jesús Vázquez Abad, ex-Conselleiro da Educación, Xunta de Galicia
La Voz de Galicia, 13 de decembro de 2014

«El director de la Real Academia Española (RAE), Darío Villanueva, aseguró ayer que la pérdida de hablantes del gallego... atribuye esta situación al '**compromiso individual**' con el idioma y a la 'transmisión a los hijos en el **ámbito familiar**' ».

- *La Opinión*, 12 de decembro de 2014

AS PREGUNTAS PRINCIPAIS


- Cales son **as estratexias postas en xogo** polos **pais pro-galego** para a transmisión interxeracional do galego?
- Cales son os **resultados** desas estratexias?
- Cales son os **factores principais** que inflúen no éxito ou fracaso desas estratexias?
- Trátase dunha cuestión das decisións das nais e pais ou existen **factores sociais** e **estruturais** que determinan os resultados?

Estas preguntas analizaranse dende **a perspectiva de política lingüística familiar**.

QUE É A POLÍTICA LINGÜÍSTICA FAMILIAR?

- ❑ *Política lingüística*, no seu sentido máis próximo refírese a **calquera decisión e/ou elección feita sobre a lingua** segundo as necesidades a nivel persoal, familiar, empresarial, estatal e/ou nacional (Spolsky 2012).
- ❑ Neste sentido, *política lingüística familiar (PLF)* defínese como **as decisións explícitas e/ou implícitas que os membros adultos da familia (pais, avós entre outros) toman sobre o uso lingüístico e a aprendizaxe das linguas dos nenos** no ámbito familiar (Curdt-Christiansen 2016).
- ❑ Os responsables da política lingüística do nivel macro (nacional) utilizan diferentes recursos e/ou estratexias influír sobre o comportamento dos actores nos niveis meso (institucional/escolar) e micro (individual). Polo tanto, os actores no contexto familiar (i.e. pais) na maior parte dos casos seguen a política lingüística nacional no nivel micro por inercia.
- ❑ Estes actores, **se están en desacordo coa política lingüística nacional, poden elaborar a súa propia política lingüística de resistencia dende abaixo** para combater as ideoloxías dominantes.

FACTORES NA POLÍTICA LINGÜÍSTICA



COMO FORON AS ÚLTIMAS TRES DECADAS DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA EN GALICIA?

- ❑ Dende o comezo da Autonomía, aínda que existiu unha política lingüística a prol do galego nos documentos oficiais, **non houbo unha implementación axeitada por parte do goberno** (Monteagudo 2012).
- ❑ O goberno desenvolveu unha **‘política lingüística de baixa intensidade’** (Lorenzo 2005) cun enfoque especial sobre o sector educativo.
- ❑ En 2010, o Goberno do PP introduciu cambios na política lingüística a través do ***Decreto de Plurilingüismo*** establecendo que o medio de instrución no sistema preescolar (infantil) sexa a **lingua da casa da maioría dos estudantes da aula**.
- ❑ Como o castelán é o idioma predominante nas cidades, a meirande parte dos nenos teñen o castelán como lingua habitual na casa. O *Decreto do Plurilingüismo*, polo tanto, **invisibiliza o galego nos centros infantís urbanos e/ou semiurbanos**.
- ❑ Entre 2008 e 2013, a porcentaxe dos nenos que non falan galego nunca, incrementouse ata chegar **ó punto máis alto de 47,09%** (IGE 2013).

RECOLLIDA DE DATOS

- ❑ Para esta intervención, presentarei as experiencias e opinións **dos pais e nais pro-galego de dous grupos de discusións** realizados con oito familias en **Santiago de Compostela** e **Vigo**.
- ❑ En **Santiago**, o traballo realizouse cos pais que levan as fillas e fillos a dúas escolas infantís financiadas por cooperativas **que utilizan só galego coma lingua de instrución** (*Escola Semente* e *Raiola*).
- ❑ En **Vigo**, as familias que participaron teñen os seus fillos estudando en distintos centros públicos.
- ❑ Os pais que entrevistei para este traballo pasaron polo sistema educativo de Galicia a partir do 1975 e viviron as primeiras políticas lingüísticas da autonomía.
- ❑ A maioría deles son **neofalantes activos** que utilizan galego en todos ou na maioría dos ámbitos (Nandi 2015).
- ❑ Para poder entender a práctica lingüística realizouse unha **family language audit** (Nandi 2015) ou un xeito de **auto-etnografía** con catro familias .

DESCRIPCIÓN DAS FAMILIAS

LISTAXE DAS FAMILIAS	IDADE	CIDADE	PROFESIÓN	FLA (AUDIO)
Familia Penabade: Mercedes (neofalante activa) Salvador (falante tradicional)	39 40	Santiago (Escola Semente)	Teñen unha tenda de recordos na zona vella de Santiago.	Si 
Familia Casares: Bea (neofalante activa) Claudio (neofalante activo)	35 39	Santiago (Escola Raiola)	Enfermeira Funcionario (estaba ausente na entrevista)	
Familia Salgado: Lara (neofalante activa) Adam (falante tradicional)	40 47	Santiago (Escola Semente)	Profesora de Castelán Vendedor (estaba no paro)	
Familia García: Elena (neofalante activa) Virgilio (neofalante activo)	38 41	Santiago (Escola Raiola)	Xornalista en Xunta Enxeñeiro de telecomunicacións	Si 
Familia Otero: Xoan (falante tradicional) Maite (falante tradicional)	45 46	Vigo (Escola pública)	Administrador en INEM Administradora en INEM	
Familia López: Inma (neofalante activa) Cesar (neofalante activo)	42 45	Vigo (Escola pública)	Tradutora Administrador (estaba no paro)	
Familia Sousa: Paloma (neofalante activa)	34	Vigo (Escola pública)	Desempregada	Si
Familia Montero: Dario (neofalante activa) Sabela (neofalante activo)	40 38	Vigo (Escola pública)	Deseñador de escenario e dramaturgo Profesora de galego	Si 

ESCOLA: É UN FACTOR DE RE-GALEGUIZACIÓN OU DESGALEGUIZACIÓN?

SANTIAGO

Elena: ...a realidade é que moitos dos nenos que saen do sistema educativo non teñen un galego fluído, quere dicir que porque e: a escolarización non lles dá ó mellor... suficiente ferramenta pra poder facelo... Entón, bueno, e: do que se trata é de buscar o número de horas necesarias pra que esa competencia sexa real...

VIGO

Sabela: ...hai unha temporada aínda me enterei con dor do meu corazón **que chegan á escola: a, ó instituto, e xa se relacionan en castelán.**

Inma: <asentimento> Hum...

Paloma: [**<asentimento> Hum**]...

Sabela: [**Aquí**] **donde se desgaleguizan absolutamente, [é na escola.]**

Xoan: [**É na escola.**]

CONTORNO SOCIAL: É UN FACTOR DE RE-GALEGUIZACIÓN OU DESGALEGUIZACIÓN?

VIGO

Sabela: ... houbo un momento no que estaba xogando nun parque de bólas cunhas nenas maiores, non? Que tiñan así como sete anos, oito anos e tal. Entón, vin que: e: houbo un momento que lle dicían **“ay, y tú hablas galeguiño...”** Como xa: **vacilando, ¿non?** A miña filla así **“si, eu falo galego, si” ¿por qué?...**

Dario: Pero é unha **inconsciencia**, porque a nosa nena [aínda non é consciente con tres anos... das circunstancias]...

César: [Cla:ro.]

Maite: [Das circunstancias.]

Xoan: E que hai cambio, <énfase> eh, [**cando chegan ós oito ou nove...**]

Sabela: [Efectivamente. **No, no, claro. Evidentemente aí vai falar castelán**]...

Paloma: [Claro, eso...]

ESTRATEGIAS 1: DESENVOLVENDO PRESTIXIO DA LINGUA MINORITARIA (BALDAUF 2005)

SANTIAGO

Elena: ...o outro día, pois por exemplo comentábanos “ás veces estou incómodo e prefiro pasarme ó castelán, e non sei que facer”, non? Entón nós tamén lle dicimos, “pois mira, **nós tamén pasamos por esas**. Pero igual que ti non renunciás a outras da túa personalidade ti es galego falante e non tes por que renunciar a ela no patio. **Os teus amigos vante querer igual, i os que non te queren, non te queren por iso**”... quero dicir, si que llo racionalizamos dalgunha maneira, non? **Non simplemente... educámolo en galego e pra diante, senón que dalgunha maneira sabemos que se vai enfrontar con iso.**

VIGO

Dario: ...Entón eu creo que o **papel das familias**, ou polo menos o que eu sinto que teño que realizar co neno e ca nena, **é de dar orgullo ós nenos de ser quen so... non so lingüisticamente, senón que se sintan e: dignos, que se sintan... e: valentes**, que se sintan...teñen que ser independentes... e: teño a esperanza que **si están reforzados desta maneira poderán defender o galego que se fala na casa...**

ESTRATEGIAS 2: ASPECTOS DA XESTIÓN LINGÜÍSTICA (SPOLSKY 2012)

SANTIAGO

Bea: Entón se ti tes o grupo de fóra habitualmente si cho: fala:ra castelán, o máis habitual supoño que será que muden de lingua. Pero nós **a verdá é que fixemos así un grupo... o grupo de amizades de Susi é galego. I como na escola tamén lle falan galego e tamén hai moitos nenos que falan galego na escola...**

Elena: A tele pesa moitísimo. E: **a tele si que maioritariamente o produto que tes é en castelán...**

Mercedes: E que non hai...

Virgilio: Que estar facendo como pais [un labor,]

Mercedes: [Claro.]

Virgilio: Que ás veces o facemos polo que estou escoitando [todos].

Salvador: [Xa.]

Adam: [Nós *vamos*, nós tódalas] : **ou casi tódalas semanas vamos á biblioteca a buscar [pelis]**

Lara: si.

ESTRATEGIAS 3: ESFORZOS DE PARTE DOS PAIS NEOFALANTES PARA FALAR UN GALEGO 'CORRECTO'

SANTIAGO

Elena: ... si que **é unha pelexa diaria** que temos na casa e por intentar que a lingua deles tamén sexa o mellor posible non no sentido do vocabulario senón no sentido tamén das estruturas e, por exemplo, na colocación **[dos pronomes]**

Bea: [Dos pronomes.]

Elena: Que iso [é]

Adam: [Si.]

Elena: [**Unha batalla terrible!**]

Bea: [**É unha loita...**]


Elena: [Sabes?] Ó principio eu por exemplo, co primeiro neno pois cando os colocaba mal, saltábame, pero agora ás veces con Lola escóitoo e: e xa non reparo, non? **Aí Virgilio sempre lles insiste bastante, [non?]**

Virgilio: [Si, bueno... eu]...**[Como]** típico neofalante atrevome a corrixir os demais, ós meus fillos, sabes? (risas).

CONCLUSIÓN (1): POLÍTICA LINGÜÍSTICA FAMILIAR

- ❑ A análise dos datos presentados demostra que no contexto sociolingüístico de Galicia, o **castelán** posúe un maior capital social e poder simbólico có galego. Como lingua predominante no exterior, a través do seu control hexemónico está creando incongruencias e contradicións na práctica lingüística dentro da casa.
- ❑ Os datos xerais deste estudo tamén confirman que a casa se converte nun **complexo contexto de continua negociación** entre galego e castelán. Aínda que moitas nais e pais pro-galegos desenvolven **políticas lingüísticas de resistencia** dentro da familia (abaixo-arriba) a prol do galego a través das súas **prácticas lingüísticas individuais**, na maioría dos casos **non** conseguen que os seus fillos continúen falando galego.
- ❑ Por outra banda, algunhas familias con nais e pais neofalantes activos, aínda que conseguen que os seus fillos falen galego durante os primeiros anos, a situación muda en canto as nenas e os nenos se conciencian de que falan unha lingua diferente da doutros compañeiros.

OS FACTORES EXTERNOS QUE DETERMINAN OS RESULTADOS DUNHA PLF



- ❑ Unha das ferramentas máis importantes na normalización lingüística é **a planificación do status das linguas minoritarias** que se podería conseguir a través da implementación real dunha política lingüística en prol da lingua minoritaria.
- ❑ Non obstante, dende o comezo da Autonomía, aínda que existía unha política lingüística nos documentos oficiais, non houbo unha implementación axeitada por parte do goberno que facilitase unha **política lingüística de baixa intensidade** cara ao galego (Lorenzo 2005, 2009).
- ❑ Polo tanto, aínda que o coñecemento da lingua recibiu un impulso nos últimos anos, **o seu capital simbólico e cultural** (Bourdieu 1991) **segue a ser reducido** na sociedade galega.
- ❑ Esta condición **pódese mellorar creando pontes entre a escola e a familia**, que son os lugares nos que **a implementación da política lingüística ten lugar na práctica do día a día**.

FAMILIA E TRANSMISIÓN INTERXERACIONAL: A PERSPECTIVA DE GOBERNO

«**O noso papel é incentivar o uso do galego e penso que desde a administración galega xa o estamos facendo...** Nunca antes o aprenderan tanto [galego] na escola como ata agora pero, logo, lamentablemente, aínda que o coñezan, non o falan... Temos que facer partícipes **ás familias de que transmitan este idioma aos seus fillos...**»

- Alberto Núñez Feijóo, O presidente de Xunta de Galicia
Galicia Confidencial, 11 de decembro de 2014

«O problema non é de índole escolar, o problema é que unha vez que se sae da escola, nos **ámbitos máis inmediatos de xogo ou familiares non se emprega o galego**».

- Jesús Vázquez Abad, ex-Conselleiro da Educación, Xunta de Galicia
La Voz de Galicia, 13 de decembro de 2014

«El director de la Real Academia Española (RAE), Darío Villanueva, aseguró ayer que la pérdida de hablantes del gallego... atribuye esta situación al '**compromiso individual**' con el idioma y a la 'transmisión a los hijos en el **ámbito familiar**' ».

- *La Opinión*, 12 de decembro de 2014



অনেক ধন্যবাদ।
(MOITAS GRAZAS)

E

PREGUNTAS?